## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

*EXTRACTO da Orde do 4 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2018.*

BDNS (Identif.): 394313.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/inditex):

Primeiro. *Beneficiarias*

Poderanse acoller a estas axudas as corporacións locais que teñan a competencia da recollida e tenza dos animais de compañía abandonados no ámbito territorial correspondente.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia, relativas á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados e/ou formen parten de colonias felinas reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, así como proceder á convocatoria para o ano 2018.

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 4 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2018.

Cuarto. *Contía*

O importe asignado é de cen mil euros (100.000,00 €), sen prexuízo do incremento orzamentario que se poida realizar con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

CVE-DOG: vhn3fnq6-avt6-efn6-38x5-nw3zvwrn1mi6

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 14 de setembro de 2018.

Sexto. *Outros datos*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os gastos subvencionables recollidos no seu artigo 2 que sexan efectivamente realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de agosto de 2018.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2018

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

CVE-DOG: vhn3fnq6-avt6-efn6-38x5-nw3zvwrn1mi6